



Valdoviño

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E OITO DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E UN.

Expte. 2021/G007/000016

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e corenta minutos do día vinte e oito de abril de dous mil vinte e un, ten lugar reunión en primeira convocatoria de Xunta de Goberno Local de Valdoviño, quen celebra sesión ordinaria. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten os concelleiros/as: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández. Excusa a asistencia don Alejandro Antonio García Sousa. Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

Orde do Día

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS: 25.03.21 – 31.03.21.-

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, aprobou os borradores das actas citadas.

2º.- APROBACIÓN DE CONTRATO MENOR DO SERVIZO: SERVIZO DE ASISTENCIA Á XESTIÓN TRIBUTARIA.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

Esta Alcaldía é plenamente consciente da imperiosa necesidade do control exhaustivo e regularización dos tributos que deben ser recadados polas taxas de ocupación de solo, subsolo e voo na vía pública respecto das empresas subministradoras de electricidade e gas. Actualmente as devanditas empresas subministradores teñen a obriga de autoliquidar a taxa coa declaración de ingresos de proceder ao abono da mesma nas arcas municipais. O principal obstáculo co que conta o Concello é a imposibilidade material de comprobar a veracidade dos datos declarados polas mercantís subministradoras e que, por conseguinte, non resulta posible comprobar se o importe efectivamente ingresado é o axustado á realidade. Ademais, tampouco temos xeito de comprobar se as empresas que declaran e ingresan as taxas son todas as que deben ou se existe algunha outra empresa que debería practicar a autoliquidación

Co obxectivo de localizar bolsas tributarias ocultas na taxa por ocupación de solo, subsolo e voo na vía pública solicitouse un orzamento para executar este servizo a través dunha empresa especializada neste sector específico. Por iso para a realización deste servizo de asistencia na xestión tributaria solicitouse a Next Niro Energy Group,

S. L. para que na súa condición de empresa especializada no sector orzamente o importe da execución deste servizo de localización de bolsas tributarias ocultas na taxa por ocupación do solo, subsolo e voo na vía pública.

Visto que segundo o orzamento de data 20 de abril de 2021 presentado en data 26/04/2021 o importe deste servizo de asistencia na xestión tributaria ascende ao 50% do incremento de ingresos por taxa municipal e optimizacións cun importe máximo de 14.950,00 euros (IVE incluído) e que polo tanto procede a súa contratación polo procedemento de contrato menor, sendo o órgano competente para a súa aprobación a Xunta de Goberno Local.

Considerando os contratos suscritos con Next Niro Energy Group, S. L. durante o último ano e para o mesmo obxecto non se superan os importes do contrato menor segundo o artigo 118 puntos 1 e 3 e, por conseguinte, non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación.

De acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03, esta Alcaldía

PROPÓN:

PRIMEIRO.- Adxudicar a Next Niro Energy Group, S. L. o servizo de asistencia á xestión tributaria consistente na localización de bolsas tributarias ocultas na taxa por ocupación de solo, subsolo e voo na vía pública por un importe do 50 % de incremento de ingresos pola taxa municipal e optimizacións cun máximo de 14.950,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 931.22706.

Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández (Asdo. dixitalmente)”

A Xunta de Goberno Local, aprobou a proposta anteriormente reproducida, mediante votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión.

PARTE DE ACTIVIDADE

3.- COMISION DE COORDINACIÓN PARA A SEGURIDADE DO COVID-19.-

Asistentes:

Alberto González Fernández

Rosa Ana García López

Sergio Saavedra Gutiérrez

Jessica Sabín Fernández

Informa o señor alcalde de que a Xunta segue a ditar decretos que van modificando os anteriores e que no decreto 64/21 do 21 de abril entre outros estableceu limitación

específicas para algúns concellos sendo que Valdovino segue a atoparse con nivel de restricción media baixa, con una situación favorable en canto a pandemia.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo rogos nen preguntas

Sen ningún outro asunto a tratar , sendo as dez horas e trinta minutos a sesión remata e queda levantada polo Alcalde- Presidente, e coma Secretaria, estendo a presente acta e DOU FE.

Documento asinado dixitalmente á marxe pola Secretaria Municipal e polo Alcalde